

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN PARA LA PROTECCIÓN DE DISCAPACITADOS PSÍQUICOS DE VILALBA-TERRA CHÁ PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E DE PREVENCIÓN E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA DESTINADOS ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO EXERCICIO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Fundación para a Protección de Discapacitados Psíquicos de Vilalba-Terra Cha o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase Fundación Vilalba dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento dos gastos derivados da execución dun programa de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas adultas con discapacidade intelectual.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas adultas en situación de dependencia, e as súas familias, mediante unha atención integral personalizada.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, a Fundación Vilalba é unha organización sen ánimo de lucro, que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade e as súas familias, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o programa que desenvolve a Fundación Vilalba, ten como singularidade a finalidade de proporcionar a habilitación profesional, persoal e social, a persoas con discapacidade de idades comprendidas entre os 18 e os 66 anos, para conseguir o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e laborais posibilitando a integración social e laboral. A especificade vén determinada pola exclusividade do proxecto, deseñado en función ás características, necesidades e intereses de cada usuario do centro, especialidade que dificulta a súa convocatoria pública.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 216/2020, de 3 de decembro,



polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

